



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

Promoción Interna 2010

Na reunión que tivo lugar o pasado xoves a AEAT informounos da súa intención ao respecto das convocatorias de promoción interna desde ano.Como xa sabedes, na Oferta de Emprego Público para este ano só estaban previstas 20 prazas para Axentes e outras 20 para o Corpo Técnico e non había convocatoria para o Corpo Executivo de Vixilancia Aduaneira.

Respecto a convocatoria de Axentes o mais suliñable é que se permite o acceso, vía promoción interna, ao persoal laboral coa categoría "Oficial 1º Administrativo del Grupo Profesional 3 do IV Convenio colectivo del personal Laboral de la Agencia Tributaria".Esta era unha antiga reivindicación da parte social que, por fin, permite que estes compañeiros laborais poidan presentarse por esta vía.

Dende a CIG existimos tamén que a AEAT tome nota do MAP e o seu sistema de exames facendo máis asequible a promoción a Axentes, cambiando a dinámica actual dos supostos mediante respostas tipo test para facer máis obxetiva a corrección dos exames.Pedimos tamén que se cubran todas as prazas, pois estamos a ver ,ano tras ano, como a AEAT, por aforrar cartos, está a deixar prazas vacantes nas convocatorias de promoción interna.

Respecto a promoción ao subgrupo A1, a AEAT segue sen entregar unha proposta para mellorar o acceso a este subgrupo, incumprindo unha vez máis, o establecido no Acordo de Carreira Administrativa.

Esiximos tamén que se publiquen as convocatorias para a obtención da especialidade tributaria ou que se elimine ese requisito para os funcionarios da AEAT.Resulta obvio que se a AEAT non pon os medios para que o seu persoal poida obter a especialidade tributaria, ésta debería desaparecer. A AEAT comprometeuse a convocar as especialidades neste ano 2010, xa veremos se é así ou non...

SEGUIREMOS INFORMANDO

CIG-AEAT:

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF:981 61 68 89-EXT.:868 89//FAX 981 12 72 22

cigaeat@gmail.com

mariacarmen.ares@correo.aeat.es

WWW.CIGAEAT.COM